Resolución do 19 de novembro de 2026, do Servizo Provincial da Coruña, pola que se sinala a data para a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras do proxecto de interese autonómico denominado Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), no concello da Coruña (clave AC/21/215.30.0)

O 26 de outubro de 2023 a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de interese autonómico denominado Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), no concello da Coruña (clave AC/21/215.30.0), por Decreto 141/2023, publicado no Diario Oficial de Galicia de data 3 de novembro de 2023.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957 convocase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar:

Termo municipal da Coruña
Lugar: Servizo Provincial da Coruña (planta baixa)
Data: 30 de decembro de 2026, ás 11:00 horas.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, e non se admitirá representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

A Coruña, 19 de novembro de 2026

O Xefe do Servizo Provincial da Coruña
Felipe de la Vega Gándaras

Asinado por: DE LA VEGA GANDARAS, FELIPE
Cargo: Xefe do servizo
Data e hora: 19/11/2026 14:30:45

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: nBdqEp7F7iU1 https://sede.xunta.gal/cve

SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS
Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña
981 182 475 - 981 184 873 – 881 881 314
https://sede.xunta.gal/portada